

POESÍA

Poemas

BOROBÓ

I

Ailaralá, ailaralaila...
 Ai que ledicia
 mirar a Galicia
 vestida de ouro!
 Galiza castrexa
 de flores de xesta
 Na primavera
 agroman da terra
 os tesouros
 soterrados
 dos mouros.
 As xestas e os toxos
 douran as brañas,
 bouzas e os cotarelos,
 co ouro vello dos mouros,
 dos mouros labregos
 dos castros e castelos.

II

Ailaralá, ailaralaila...
 Ai que ledicia
 ver a Galicia
 cuberta de ouro!
 Galiza romana
 de chorimas de toxo.
 Na primavera
 abrochan os codesos
 de ouro das Médulas,
 regados ca sangue castrexa
 que anegóu o Monte Medulio.
 Os piornos dos cómaros,
 choridos de ouros,
 confúndense cos touros
 marelos do Castro Lupario,
 apostolicamente castrados
 ao rubir o Monte Ilicino.

III

Ailaralá, ailaralaila...
 Ai que ledicia
 ollar a Galicia
 sementada de ouro!
 Galiza románica
 de chorimas xesteiras.
 Na primavera
 brotan as flores
 amareladas das codeseiras
 nas trabes de ouro
 do castro do mouro.
 Son coma pelouros
 brillantes e louros
 que empedran o chan
 de áurea chapacuña,
 por onde veñen e van
 os que saben a canción de xesta.

IV

Ailaralá, ailaralaila...
 Ai que ledicia
 outear a Galicia
 bañada de ouro!
 Galiza barroca
 de chures de árgoma.
 Na primavera
 afillan os piornos
 co ouro dos pazos
 e dos ricos mosteiros
 bieitos e bernardos.
 Os agros dourados
 semellan xardíns deceitecos,
 onde as madamas
 fan de pastoras,
 pastoreando as ovellas
 que triscan o ouro dos toxos.

V

Ailaralá, ailaralaila...
 Ai que ledicia
 contemplar a Galicia
 espida de ouro!
 Galiza romántica
 das toxerias floridas.
 Na primavera
 nacen nas chairas
 os dourados codesos
 e as áureas xestas
 que tiñen as verdes veigas.
 As gándaras amarelas
 relumbran baixo a choiva
 ou so o veo da boira.
 E teñen más luz co sol
 que ilumina vagamente
 a nosa terra do poñente.

VI

Touporroutóu, touporroutóu...
 Leda, belida, amarela Galicia
 de ouro na primavera,
 de ouro no verán que ven.
 Trabe de ouro,
 tesouro do mouro,
 áureo pelouro.
 Dourada chave do pazo
 ca cancela aberta
 na primavera.
 ...denantes co verao veña
 ...co euro.
 Galicia de ouro, sen unha cadela!
 Touporroutóu, touporroutóu...
 Galiza castrexa de flores de xesta.
 Galiza romana de chorimas de toxo.
 Galiza románica de xesteiras choridas.
 Galiza barroca de chures de árgoma.
 Galiza romántica das toxerias floridas.
 Terra de ouro, de moita probe riqueza!
 Touporroutóu, touporroutóu...

(De *A Galicia de ouro*,
 Trevonzos, Semana Santa do 1998)